

Produción e aloxamento na USC Virtual de materiais de aprendizaxe de materias das áreas de Didáctica da lingua e a literatura e Didáctica das ciencias sociais

Nome do profesor coordinador: Francisco Rodríguez Lestegás

Descrición dos materiais producidos

- **741306 Coñecemento do medio social e cultural**

- **751106 Introducción ás ciencias sociais**

Elabórese un repertorio de actividades prácticas para cada unha destas dúas materias, incluíndo toda a documentación de carácter escrito, gráfico ou estatístico necesaria para levalas a cabo. Todo este material foi aloxado nos respectivos cursos da USC Virtual (8882_147 e OC4_018), xunto cos programas, contidos e outras ferramentas.

- **571106 Introducción as ciencias sociais**

Producíronse dous tipos de materiais:

a) Materiais elaborados polos profesores para describir e orientar as actividades dos estudantes. Consistiron fundamentalmente nos documentos de deseño e orientación de tres tipos de actividades de ensino-aprendizaxe:

1. Orientacións para a análise por parte dos estudantes dun texto referido aos problemas actuais da poboación a nivel mundial (Informe da ONU 2001).
2. Instrucións e fichas de traballo para a realización dunha saída de estudo ás localidades de Rianxo e Boiro para facer tarefas de recollida de información sobre a actividade industrial (industria conserveira JEALSA) e sobre o patrimonio histórico-arqueolóxico do Barbanza.
3. Instrucións, orientacións e recursos para a realización de tarefas de busca de informacións de contido social a través de Internet.

b) Materiais elaborados polos estudantes. Trátase dos traballos, informes e, moi especialmente, os resultados da busca de información en Internet. Varios destes traballos foron enviados a través das ferramentas da USC Virtual.

Os materiais dos estudantes, especialmente os referidos aos resultados da busca de informacións de contido social, están sendo almacenados para construír unha Base de Datos con documentos e informacións que resulten pertinentes para o seu uso docente.

- **571307 Didáctica da lingua e a literatura galega**

Cada alumno elaborou un proxecto didáctico en soporte informático e orientado ao desenvolvemento de coñecementos e habilidades relacionadas coas áreas de lingua e literatura e de ciencias sociais. O modelo pedagóxico no que se inspiraron estes proxectos é o de “Traballo por tarefas” e o procedemento seguido indícase sucintamente no apartado no que se describen as tarefas realizadas por Bieito Silva Valdivia (tarefa 4).

Descripción das tarefas realizadas por cada membro

- **Francisco Rodríguez Lestegás**

- *Tarefa realizada 1.-* De acordo coa metodoloxía e plan de traballo que se indicaba na solicitude do proxecto, o profesor participou no curso de “Formación no Campus Virtual da USC: uso básico”, dentro do Programa de Formación e Innovación Docente (PFID) da USC. Esta actividade formativa foi continuación dun curso inicial do “Programa de Formación para o Profesorado no Campus Virtual da USC” celebrado en 2003 e, á súa vez, foi seguida pola participación noutro curso de “Elaboración da Guía Docente no marco da Convergencia: cómo planificar as nosas clases”, dentro do mesmo programa formativo da USC (PFID) para o ano 2004.
- *Tarefa realizada 2.-* Localización e selección de materiais de aprendizaxe propios das materias “Introdución ás ciencias sociais” e “Coñecemento do medio social e cultural”, en particular documentación relacionada cos seus respectivos contidos prácticos.
- *Tarefa realizada 3.-* Unha vez organizados e reelaborados no formato apropiado, estes materiais foron aloxados na USC Virtual. Os estudantes da materia “Coñecemento do medio social e cultural” (3º curso, 2º cuatrimestre) puideron dispoñer deles e realizar as actividades correspondentes a través da USC Virtual sen maior dificultade, pero non ocorreu o mesmo no caso da materia “Introdución ás ciencias sociais” (1º curso, 1º cuatrimestre), xa que os estudantes que a cursaron só estiveron en condicións de acceder á USC Virtual cando o período de estudo estaba xa moi avanzado.

- **José Armas Castro e Javier Cortizo Nieto**

- *Tarefa realizada 1.-* Seleccionouse un texto, extraído do informe da ONU sobre os problemas da poboación mundial (ano 2001), e elaboráronse as instrucións para a súa análise por parte dos estudantes. Tanto o texto como as instrucións para a súa análise foron introducidas como materiais no Curso da USC Virtual, o que lles permitiu aos estudantes acceder a eles de forma continuada. Varios estudantes, algúns deles que cursaron a materia como de Libre Elección, realizaron a tarefa e enviaron a súa análise servíndose das ferramentas da USC Virtual.
- *Tarefa realizada 2.-* Introducíronse na USC Virtual as instrucións, os materiais e as fichas de traballo que os estudantes debían utilizar na realización dunha saída de estudo á zona do Barbanza. Desde xeito, os estudantes puideron acceder *on line* a eses materiais. Varios estudantes utilizaron as ferramentas da USC Virtual para enviar o informe elaborado sobre a saída de estudo.
- *Tarefa realizada 3.-* Elaboráronse e introducíronse no Curso da USC Virtual as instrucións e os recursos para que os estudantes, organizados en grupos de catro, realizaran buscas en Internet de informacións relevantes de contido social. Para o desenvolvemento desta actividade, que foi a que ocupou máis tempo e traballo, os estudantes, tamén en grupos de catro e acompañados polos profesores, asistiron durante unha hora semanal á Aula de Informática da Facultade para iren realizando de forma progresiva as tarefas de busca, selección, tratamento e almacenamento das informacións. Finalmente, cada grupo de estudantes elaborou e enviou por medio da USC Virtual tantas fichas con informacións sociais como membros formaban parte do grupo. Estas informacións son as que están sendo gardadas para o seu aproveitamento docente en próximos cursos.

- **Bieito Silva Valdivia**

- *Tarefa realizada 1.-* Actividade de formación realizada polo profesor: Curso de iniciación á utilización das ferramentas da USC Virtual impartido polo CeTA da USC. Este curso constou dunha parte presencial seguida da planificación dun curso hipotético a través de asesoramento tutorial.
- *Tarefa realizada 2.-* Apertura dun curso virtual a través do CeTA para colgar ferramentas de explotación da USC Virtual por parte dos alumnos da especialidade

de Educación Primaria na materia de Didáctica da Lingua e da Literatura. Esta iniciativa non chegou a dar os froitos esperados, porque o reducido número de alumnos matriculados nesta materia permitía unha interacción presencial moi viva e non se prestaba demasiado á comunicación diferida a través das ferramentas virtuais.

- *Tarefa realizada 3.-* Selección, análise e valoración de recursos a través de Internet para o ensino da lingua e da literatura na Educación Primaria. Actividade realizada co asesoramento do profesor a partir de criterios consensuados previamente sobre o aproveitamento didáctico dos mesmos.
 - *Tarefa realizada 4.-* Deseño e desenvolvemento dunha proposta didáctica apoiada nas novas tecnoloxías. Actividade que respondía ao formato didáctico dun proxecto de traballo por tarefas no que, a partir dun tema de actualidade ou de calquera cuestión de interese social, académica ou lúdica, se debía buscar información, elaborala e presentala en público. As fases previstas no seu desenvolvemento eran as seguintes:
 - Planificación do proxecto de traballo: formulación de tarefas, asignación de responsabilidades, fixación de calendario, etc.
 - Documentación e selección da información pertinente a través de Internet.
 - Organización e arquivo desa información en soporte informático: fichas-resumo, citas ou textos literais, gráficos, imaxes...
 - Elaboración do documento final en formato e soporte informático.
 - Presentación pública do mesmo utilizando os medios tecnolóxicos que se consideren pertinentes: presentación en power-point, montaxe audiovisual, reportaxe gráfica, etc.
-

Grao de cumprimento dos obxectivos do proxecto

- *Mellorar os procesos de aprendizaxe-ensino por medio da integración das TICs como soporte á docencia presencial.* Este obxectivo cumpriuse de forma importante (70-80%) no que se refire á actividade de busca, selección e tratamento de informacións de contido social e lingüístico.
- *Estimular a innovación dos métodos docentes por parte do profesorado e potenciar o seu labor tutorial.* Este obxectivo viuse tamén acadado de forma razoable (50-60%) na medida en que o labor tutorial viuse notablemente incrementado ao fixérense horarios de reunión e discusión cos grupos de estudantes sobre os diferentes traballos que debían realizar e enviar por medio da USC Virtual.
- *Favorecer a aprendizaxe autónoma e o traballo colaborativo por parte dos estudantes.* Este obxectivo logrouse en porcentaxes próximas ao 70%, a través do traballo dos estudantes en pequenos grupos compartindo un ordenador para realizaren as tarefas propostas.
- *Facilitar a integración do noso sistema universitario no Espazo Europeo de Educación Superior e avanzar cara unha concepción do ensino universitario baseado no Sistema Europeo de Transferencia de Créditos (ECTS).* Sen ningunha dúbida, este tipo de metodoloxía, xunto coa elaboración e utilización das guías docentes, constitúen os instrumentos esenciais para o cumprimento deste obxectivo.
- *Producir materiais de aprendizaxe que fagan uso das TICs a través da USC Virtual.* Este obxectivo acadouse en porcentaxes próximas ao 80-90%, segundo quedou indicado na descrición das diferentes actividades.

En definitiva, podemos considerar que o grao de cumprimento dos obxectivos do proxecto resultou satisfactorio no que se refire á incorporación dos estudantes ao uso das novas tecnoloxías, ao fomento da aprendizaxe autónoma e do traballo colaborativo, e, indirectamente, á integración do noso sistema universitario no Espazo Europeo de Educación Superior e no Sistema Europeo de Transferencia de Créditos (ECTS). Non obstante, o cumprimento non sempre foi igualmente satisfactorio en canto á utilización das ferramentas da USC Virtual. Unhas veces, o escaso número de estudantes e a facilidade para a comunicación e a interacción presencial non facilitou a explotación destes recursos docentes, nin sequer cunha función complementaria. Noutras ocasións, en particular cando a materia se imparte no primeiro cuatrimestre do primeiro curso da titulación, é practicamente imposible que os estudantes estean en condicións de acceder ás ferramentas da USC Virtual ata ben avanzado o período de estudos.

Grao de cumprimento do plan de traballo

- *Primeira fase: formación.* Como xa se indicou, o profesorado participante neste proxecto puido levar a cabo a preparación necesaria a través dos diferentes cursos ofertados pola USC dentro do Programa de Formación e Innovación Docente (PFID).
- *Segunda fase: localización e selección de materiais de aprendizaxe.* Tal como se pode tirar do descrito nos apartados anteriores (materiais producidos e tarefas realizadas), esta fase do plan de traballo tamén foi realizada satisfactoriamente.
- *Terceira fase: aloxamento dos materiais nos servidores da USC Virtual.* Dado que a dotación económica do proxecto non permitiu a contratación de bolseiros nin de ningunha outra figura de colaboradores, esta fase do plan de traballo só foi posible grazas ao apoio de bolseiros existentes nos centros (Facultade de Ciencias da Educación e Escola Universitaria de Formación do Profesorado) que foran contratados con cargo a outras experiencias de innovación.

Valoración da experiencia

A experiencia resultou útil e beneficiosa en varios sentidos:

- a) A utilización das ferramentas da USC Virtual e as sesións de traballo cos estudantes espertaron o interese e a disposición favorable deles en relación coa utilización das TIC no proceso de ensino-aprendizaxe.
- b) O traballo en pequenos grupos compartindo un ordenador facilita a discusión e o traballo cooperativo, ao mesmo tempo que favorece as axudas entre iguais permitindo superar algunhas desigualdades que existen entre os estudantes no dominio das ferramentas informáticas.
- c) O diálogo entre profesores e estudantes sobre a busca da información, calidade dos diferentes sitios web, relevancia e pertinencia das informacións seleccionadas, etc. permite desenvolver a capacidade crítica dos estudantes e sitúalos en mellores condicións para resistir a fascinación e mesmo a manipulación que poden exercer as novas tecnoloxías.
- d) A discusión con outros profesores e cos estudantes sobre as actividades a desenvolver e sobre os materiais de ensino-aprendizaxe contribuíu a revisar algunhas prácticas docentes rutinarias e avanzar cara unha reformulación máis rigorosa do noso traballo docente.

Non obstante, neste apartado valorativo cómpre tamén sinalar algúns aspectos menos positivos do proxecto. Entre eles, sería conveniente ter desenvolvido máis traballo común entre o profesorado do Departamento para poñer en común ideas e dúbidas. Tamén tivemos problemas co acceso dalgúns estudantes á USC Virtual que non se resolveron no tempo apropiado. Probablemente, estes e algúns outros problemas técnicos poidan ter fácil solución en cursos próximos. A este respecto, a Escola de Formación de Profesorado de Lugo vai desenvolver, ao comezo do curso 2005-2006, un Programa transversal de mellora no alumnado das competencias profesionais básicas, entre as que se atopan as utilidades básicas en TICs; este programa vai dirixido precisamente aos estudantes de primeiro curso, e agardamos que sexa un instrumento axeitado para solucionar eses problemas de acceso á USC Virtual e de manexo de ferramentas informáticas cos que nos atopamos.

No caso concreto da materia “Didáctica da lingua e da literatura galegas”, o plan de traballo inicial viuse condicionado fundamentalmente polo reducido número de estudantes matriculados nela. Como xa se indicou máis arriba, este foi un factor que facilitou a relación directa entre o profesor e o alumnado e desestimulou, na mesma medida, o recurso a ferramentas de comunicación e interacción apoiadas na USC Virtual. Isto non implicou, porén, que non se utilizasen –e de xeito moi satisfactorio– as novas tecnoloxías, tanto como ferramentas para buscar e seleccionar información como para organizala e facer presentacións públicas. Malia estas limitacións, a valoración é moi satisfactoria, tanto por parte do profesor (autoformación e estímulo innovador), como por parte dos estudantes (confirmado nunha sesión final de coavaliación do curso).